



DATOS IDENTIFICATIVOS

Laboratorio de materiais

Materia	Laboratorio de materiais			
Código	P06G450V01103			
Titulación	Grao en Deseño			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Corbato Pérez, Román			
Profesorado	Corbato Pérez, Román			
Correo-e	romancorbato@gmail.com			
Web				
Descrición xeral	<p>A materia céntrase no recoñecemento, clasificación, creación e manipulación de materiais e soportes, co obxectivo de capacitar ao estudiantado para abordar proxectos de deseño gráfico e deseño de moda desde unha perspectiva máis ampla.</p> <p>A través da análise e a experimentación, o alumnado poderá familiarizarse coas técnicas, a terminoloxía e as linguaxes técnicas asociadas, así como coa preparación de materias e soportes que lle permitirán abordar futuros procesos creativos e producións que poidan involucrar a colaboración con outros profesionais.</p>			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A5	Desenvolver aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Saber analizar e sintetizar
C2	Saber identificar problemas que se poden resolver mediante o deseño, plantexalos como problemas de deseño, proveerse dos datos pertinentes para desenvolver o proxecto, propoñer un concepto de deseño e decidir criterios de formalización, elixir os materiais e procedementos construtivos adecuados en cada caso, controlar a coherencia na toma de decisións e avaliar os resultados obtidos.
C14	Coñecer os materiais, procedementos e técnicas asociados a cada linguaxe creativa específica, así como o vocabulario e os conceptos inherentes a cada técnica artística particular.
D3	Coñecer as bases da sostibilidade e o compromiso ambiental co obxectivo de facer un uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Identificar e clasificar materiais básicos: soportes gráficos, soportes plásticos e materiais téxtiles.	A5	B1	C14	D3
Adaptar, manipular e modificar materiais para o seu uso como soporte de creación plástica.	A5	B1	C2 C14	D3
Experimentar para a creación de propostas de deseño a partir da transformación de materiais con procesos artesanais.	A5	B1	C2 C14	D3

Contidos

Tema	
Materia e material.	Tipos e características dos materiais. Selección de materiais.
Recoñecemento e análise básico de materiais: soportes gráficos, soportes plásticos e materiais textis.	Textura, cor, peso, opacidade, flexibilidade, durabilidade, etc.
Transformación básica e experimentación con materias e materiais.	Obradoiro: técnicas e procedementos de intervención e manipulación.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	5	20	25
Estudo de casos	5	25	30
Resolución de problemas de forma autónoma	30	60	90
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2
Estudo de casos	1	0	1
Presentación	1	0	1
Observación sistemática	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	A sesión maxistral será o comezo de cada un dos exercicios, centrada en expor os conceptos e ferramentas de manexo de técnicas e materiais que posteriormente o alumnado desenvolverá nesa sesión a modo de prácticas no obradoiro.
Estudo de casos	Unha vez finalizada a sesión maxistral, espérase que os estudantes realicen unha análise exhaustiva dos recursos presentados e experimenten coas diferentes técnicas, soportes, materias e materiais. O obxectivo principal é assimilar os conceptos abordados durante a clase e descubrir novas posibilidades creativas a través da aplicación dos recursos no obradoiro.
Resolución de problemas de forma autónoma	Execución técnica adecuada de procedementos e experimentacións de carácter artístico, plástico e de deseño. O alumnado deberá demostrar a asimilación de contidos da materia e a súa aplicación persoal de maneira creativa e tecnicamente correcta. Valorarase o proceso de investigación con técnicas e materiais, o nivel de acabado e o risco na experimentación.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	En base ao traballo por parte do alumnado na resolución de problemas de forma autónoma, realizarase unha atención personalizada para cada exercicio, propondo correccións, propostas de mellora e opcións de realización.
Probas	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	En base ao traballo por parte do alumnado na resolución de problemas dentro da aula, levará a cabo unha atención personalizada para cada exercicio, propondo correccións, propostas de mellora e opcións de realización.
Observación sistemática	O docente realizará unha observación sistemática do alumnado de maneira individualizada, valorando a súa asistencia, a participación activa na aula, a proactividade ante os exercicios expostos e o respecto polo material e equipo das aulas.

Avaliación							
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe				
Resolución de problemas e/ou exercicios	Varias entregas de exercicios que se avaliarán de maneira independente e nas que se valorará o proceso de investigación cos materiais e o nivel de acabado. Tamén se terá en conta a achega dunha linguaxe persoal de carácter plástico, dentro do ámbito do deseño.	40	A5	B1	C2	D3	C14
Estudo de casos	Avaliación progresiva da asimilación de contidos, da calidade técnica, da iniciativa na experimentación e a procura propia de recursos.	40	A5	B1	C2	D3	C14
Presentación	O alumnado realizará unha presentación final dos seus exercicios.	10	A5	B1	C2	D3	C14
Observación sistemática	Valorarase a asistencia, o grao de interese, o seguimento de exercicios e a participación activa na materia, así como a evolución na traxectoria do curso.	10	A5	B1	C2	D3	C14

Outros comentarios sobre a Avaliación

Convocatoria ordinaria

No desenvolvemento da materia se empregará unha metodoloxía de **avaliación continua**, polo que a asistencia ás clases será obrigatoria, así como a entrega de todos e cada un dos exercicios propostos. A avaliación se realizará en base ás seguintes tipoloxías de actividades:

- Resolución de problemas e/ou exercicios: 40%

- Estudo de casos: 40%
- Presentación: 10%
- Observación sistemática: 10%

Para o alumnado ao que se lle conceda a opción de **avaliación global**, a proba de avaliación consistirá en presentar e superar o mesmo número de traballos e según as mesmas características requiridas na metodoloxía de avaliación continua, así como a realización dunha presentación o día da proba.

Neste caso, a avaliación será da seguinte maneira:

- Resolución de problemas e/ou exercicios: 80%
- Presentación: 20%

Convocatoria extraordinaria de xullo

Na convocatoria extraordinaria, o alumnado deberá presentar e superar o mesmo número de traballos e según as mesmas características requiridas na avaliación global. Os exercicios deberán presentarse nun exame final, que se levará a cabo durante o período oficial de exámenes. A data e hora se comunicarán ao comezo do curso no cronograma da materia.

A avaliación da convocatoria extraordinaria de xullo será da seguinte maneira:

- Resolución de problemas e/ou exercicios: 80%
- Presentación: 20%

A non presentación dalgún dos exercicios ou unha nota inferior a 3,5 nalgún deles, supondrá o suspenso da materia, tanto na convocatoria ordinaria como na extraordinaria.

Datos de avaliación

Todas as datas das probas de avaliación aprobadas polo centro pódense consultar na seguinte dirección:

<https://deseno.uvigo.gal/horarios-calendarios-avaliacions-gd-gal/>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Anderson, Chris, **Makers la nueva revolución industrial**, ISBN : 978-84-96627-70-3, Empresa Activa, 2013

García Jiménez, Jesús y Rodríguez Rodríguez, Juan José, **Materiales de producción en artes gráficas**, ISBN : 84-609-6294-6, Editorial Aral, 2005

Munari, Bruno, **¿Cómo nacen los objetos?**, ISBN : 84-252-1154-9, Gustavo Gili, 1983

Peña Andrés, Javier, **Selección de materiales en el proceso de diseño**, ISBN : 978-84-931329-8-9, Ediciones CPG, 2009

Bibliografía Complementaria

Benyus, Janine M., **Biomimesis: cómo la ciencia innova inspirándose en la naturaleza**, ISBN: 978-84-8383-399-5, Tusquets Editores, 2012

Fernández Zapico, José Manuel, **La fabricación de las materias papeleras : selección de materias primas, fabricación, catalogación de productos, comercialización, medioambiente y normativas**, ISBN : 84-931329-5-0, Ediciones CPG, 2008

Sherin, Aaris, **Sostenible: un manual de materiales y aplicaciones prácticas para los diseñadores gráficos y sus clientes**, ISBN: 978-84-252-2322-8, Gustavo Gili, 2009

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Laboratorio integrado: Procedementos I/P06G450V01107

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Expresión artística: Fundamentos da cor/P06G450V01106

Expresión artística: Fundamentos do debuxo/P06G450V01102

Fundamentos do deseño I/P06G450V01104

Outros comentarios

non hai